

**IV REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO**  
**FASE DE ZONA**  
**7 maio 2004**


(Coloca aquí unha etiqueta  
identificativa)

**ACTIVIDADE Nº 1**

**Pepe, o carpinteiro**

A Pepe, un carpinteiro moi bo da zona do Barbanza, un cliente encargoulle unha mesa que tivese forma de triángulo equilátero moi grande. Ó non poder construíla dunha soa peza, dadas as súas dimensións, decidiu facela no taller en tres anacos coma estes, para despois montala na casa.

Recorta os anacos, constrúe a mesa e pégaos para que se vexa como é.



**IV REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO**  
**FASE DE ZONA**  
**7 maio 2004**

(Coloca aquí unha etiqueta  
identificativa)

**ACTIVIDADE Nº 2**


**Fichas a pares**

Teño un cadrado con 16 fichas. As catro filas, as catro columnas e as dúas diagonais teñen unha cantidade igual de fichas.

Tes que quitar seis fichas de xeito que en cada fila, columna e diagonal haxa un número delas que sexa par.

¿Como se pode facer?

¿Hai máis dunha solución?




IV REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE DE ZONA  
7 maio 2004

(Coloca aquí unha etiqueta  
identificativa)

ACTIVIDADE Nº 3

**O cadrado máxico**

Coloca todas as cifras do 1 ó 9 , poñendo unha en cada cadrinho e de xeito que sumadas horizontalmente, verticalmente ou en diagonal a súa suma dea sempre 15.



**IV REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO**  
**FASE DE ZONA**  
**7 maio 2004**

(Coloca aquí unha etiqueta  
identificativa)

**ACTIVIDADE Nº 4**

**Xogando coas catro primeiras cifras significativas ...**

Fíxate neste número: 1234. Efectuando todos os cambios posibles de posición das súas cifras pódense formar unha certa cantidade de números naturais de catro cifras, como por exemplo: 2341, 1324, etc.

Se colocas todos eses números de catro cifras de menor a maior, tenta respostar correcta e razoadamente a estas preguntas:

- a) ¿Cal é o primeiro, o menor?
- b) ¿Cal é o último, o maior?
- c) ¿Cantos números de catro cifras existen?
- d) ¿Cal é a posición ocupada polo número 3421?

**IV REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO**  
**FASE DE ZONA**  
**7 maio 2004**

(Coloca aquí unha etiqueta  
identificativa)


**ACTIVIDADE Nº 5**

**Un rectángulo con boa sombra ...**

A figura que ves aí abaixo está formada por 9 cadrados iguais.

O perímetro da figura é de 96 cm.

¿Cal é o perímetro do rectángulo sombreado?



**IV REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO**  
**FASE DE ZONA**  
**7 maio 2004**

(Coloca aquí unha etiqueta  
identificativa)

**ACTIVIDADE Nº 6**

**As mesas da festa**

Na festa dun casamento hai 180 persoas distribuídas en mesas rectangulares, redondas e cadradas.

En cada mesa rectangular hai 6 persoas, en cada mesa redonda hai 5 persoas e en cada mesa cadrada hai 4 persoas. O número total de mesas é impar.

Hai o dobre de mesas rectangulares que redondas.

¿Cantas mesas de cada clase hai e por que?